

BACK TO BLACK

Sam Taylor-Johnson, 2024

1307

ESTREA EN NUMAX: 07.06.2024 | V.O.S.E. | +16 | 122 min

Amy Winehouse empezou como cantante de jazz para acabar converténdose nunha superestrela da música gañadora dun Grammy. A súa vida trunouse en 2011, aos 27 anos, por causa do consumo de alcol e drogas. Desde a perspectiva de Amy e inspirada nas súas letras profundamente persoais, a película descobre a excepcional muller detrás do fenómeno mediático, durante a creación do exitoso álbum 'Back to Black'.

«Marisa Abela crava a Amy Winehouse en cada mirada, estado de ánimo e nota»

Owen Gleiberman, VARIETY



Entrevista con Sam Taylor-Johnson: «Tiven a sensación de que gran parte dela se perdeu polo camiño»

Por Belinda Luscombe

Back to Black comeza cun locutor que di: “Esta é Amy Winehouse”. Pero o público xa sabe de quen vai o filme. Por que decidiches comezar así? Necesitábaso ao comezo, para empezar coa grandeza de quen foi, en quen se converteu. E logo poder afondar na súa adolescencia, nos seus sonhos e aspiracións, no que quería chegar a ser.

O filme non é tan celebrativo como a xente pode esperar. Moitas persoas pensan que a súa morte foi culpa do seu marido ou do seu pai, pero a película parece que suxire que Amy era responsable da súa vida e que quería selo. É o que pretendías? É importante sentir que a celebramos. Pero ao mesmo tempo, é importante amosar a complexidade e facer dela un ser humano completo coa súa capacidade de actuar porque tiven a sensación de que gran parte dela se perdeu polo camiño. Non foi só a vítima dunha traxedia. A música, a composición, os premios Ivor Novello e os Grammy son logros que se estaban perdendo.

Fixeches dous filmes sobre xente que loita contra a adicción: *A Million Little Pieces* (2018) e *Back to Black*. Tes coñecementos sobre esta afección? Non foi ata a metade da rodaxe cando me decatei da relación entre *A Million Little Pieces* e este filme. Non teño ideas sobre como solucionar o problema. Pero definitivamente quería axudar a esclarecer, a conectar emocionalmente con el. No caso de Amy, foi unha crise pública. Sabes, temos Alcohólicos Anónimos e Narcóticos Anónimos, pero a ela nunca se lle permitiu o anonimato. Esta mañá fun a unha clase de ximnasia e no meu camiño de volta ao hotel, había un home camiñando cos xeonllos dobrados, os ollos en branco e os brazos abertos mentres se cambaleaba cara min. Para Amy foi moi parecido: tiña os brazos abertos e documentouse como se lle dobraban os xeonllos e caía. Era só carne de prensa. E todos o vimos en tempo real. Ao contar esta historia, quixen abordala para que a xente fose consciente do que significaba.

Nun momento do filme ela di que non é capaz de simplemente gravar música; que necesita “vivir” as súas cancións. Pregúntome se sentes que iso é así para todos os artistas ou só para algúns? Probablemente sexa propio duns artistas que viven unha verdade moi auténtica. Mark Ronson contoume a historia de cando ela foi gravar *Back to Black* e el suxeriu cambiar unha palabra para que encaixase coa estrutura. Di que ela o mirou e dixo: “De que estás falando? Non podo cambiar unha soa palabra porque esa palabra veu de min”. Dixo que nin sequera era unha palabra concluínte, só un pequeno cambio para facer que a palabra aterrarse en ritmo. Non sei se todo o mundo vive segundo o sentido da autenticidade con un mesmo e de ter que vivir cada momento. Pero desde logo, os grandes fano a miúdo.

A tristeza impulsa os artistas a crear ou é que o acto de crear lles quita tanto que están tristes? Non sei. É difícil responder. Poderían ser ambas. Sei que desde a miña perspectiva de creatividade, é como unha sensación de “ter que facelo”. (...) Cando fago un filme, absórbeme e aliméntame, ás veces a partes iguais e outras de forma completamente desequilibrada. Especialmente con algo como isto, hai momentos nos que me sinto moi esgotada. É duro cando estás lidando con escenas increíblemente intensas, tratando de comprender, xa sabes, o que che quita. E o que necesitas e o lugar ao que tes que ir para retratar adecuadamente eses momentos realmente difíciles.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Cine documental,
Ian Haydn Smith.
Timun Mas, 2023

Amy Winehouse.
De su puño y letra,
Amy Winehouse.
Libros del Kultrum, 2024

Amy Winehouse,
Susana Monteagudo,
Pezones Revueltos.
Lunwerg, 2019